



Os Limberts arredor de 1935. De esquerda a dereita: Salvador Salorio de Ouces, clarinete; Manuel Vázquez Pedreira de Bergondiño, clarinete; Manuel Otero Vázquez (O Amarote de Bergondiño), saxofón; Jesús Bello López de Ouces, bombardino e Juan Babío Louzán de Ouces, tuba. (Foto cedida por María Arévalo Pan).

Orquestras esquecidas das Mariñas

XULIO CUNS LOUSA*
XOSÉ M^a VEIGA FERREIRA**

Sumario

Apuntes e material gráfico de varias orquestras de baile das Mariñas.

Abstract

Notes and illustrations of various dance orchestras of As Mariñas.

A comarca das Mariñas foi unha zona na que houbo gran cantidade de músicos e orquestras de baile como nos quedou de manifesto cando traballamos na elaboración do libro *Orquestras populares das Mariñas*. Fumos conscientes de que, con toda seguridade, e a pesar do noso esforzo, sempre nos ía quedar algo no tinteiro. Foi con posterioridade a esta publicación cando nos achegaron algunhas fotografías, que consideramos de interés dalas a coñecer, e ó mesmo tempo saldar unha pequena débeda cos integrantes destas formacións.

Os Limberts

Orquestra dos anos trinta composta de músicos de Bergondo e de Ouces. Entre eles estaba Juan Babío Louzán, irmán de Narciso Babío e Manuel Otero Vázquez, coñecido

* **Xulio Cuns Lousa** é autor de diferentes estudos relativos á Historia de Betanzos e tamén de relatos curtos e obras teatrais... É secretario e membro do Comité Científico do *Anuario Brigantino*.

** **Xosé María Veiga Ferreirra** é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e traballa no Arquivo Municipal de Betanzos. veigaferreira@gmail.com



*Os Esparteros a principios dos anos corenta. O primeiro pola esquerda co saxo, é Manuel Suárez Galán, máis coñecido como Espartero; séguelle Bordomás co altofalante, en realidade tocaba a trompeta; Antonio Suárez Galán (Espartero), coas maracas; o que está sentado á batería non sabemos o seu nome; Benito o Vejeiro co altofalante, en realidade tocaba o saxofón; Mero, baixo; secundino Deibe; agachado co saxofón, Corral, que era do Burgo.
(Foto cedida pola familia de Manuel Suárez Galán).*

como O Amarote de Bergondiño. Curioso nome para unha orquestra mariñán, que vén case con seguridade do aviador americano Charles Lindberg, primeiro aviador en facer o percorrido entre Nova York e París no ano 1927. Non foi esta proeza a que lle dou fama internacional, senon o posterior secuestro e asasinato do seu fillo de dezanove meses, no ano 1932. Algúns dos nomes de orquestras das Mariñas foron debidas ás películas americanas, como foi o caso da Saratoga, The Marines, Intocables, Mayorales...

Os Esparteros

Fundada polos irmáns Manuel e Antonio Suárez Galán, máis coñecidos como Os Esparteros, en Mondego (Sada) no ano 1928. Antonio tocaba a batería e Manuel o clarinete e o saxofón. Aprenderan a tocar con outra orquestra de Mondego coñecida como «Os Plateiros», chamados así porque os músicos que a integraban traballaban a prata. Tocaron tamén na orquestra Panchón de Sada, coñecidos como os Panchóns Vello. Na orquestra participaron importantes músicos da comarca como Benito O Vejeiro, Bordomás... Contou cunha das animadoras máis recordadas na comarca como foi Magdalena Pardo, unha muller moi fermosa e de enorme elegancia. A orquestra chegou ata os anos cincuenta, cando Manuel O Espartero emigrou a Venezuela. Alí formou outra orquestra coñecida como «Los Bohemios» e tamén tocou na Banda Militar de Venezuela.



Os Esparteros a mediados dos anos corenta. De esquerda a dereita: Mero co baixo; descoñecido; Manuel Otero Vázquez, coñecido como O Amarote de Bergondo; Canle, batería; Toñito, animador; Fandiño, tocaba o saxofón e tamén cantaba; Antonio O Espartero; non coñecemos o nome do que toca o piano; Manuel O Espartero co clarinete. (Foto cedida pola familia de Manuel Suárez Galán).

Os Lelos

Foi fundada polos anos trinta. Esta orquestra estaba composta por cinco irmáns. Eran de Mesoiro, Ouces, onde tiñan unha taberna coñecida como «A Chea». O argallante da formación da orquestra foi Manuel Pérez *O Lelo*, que tocaba o clarinete; Juan, saxofón;

Os Esparteros 1950. De esquerda a dereita: Bordomás, Cuiña, Canle, Antonio O Espartero, Eduardo Barros, Chucho Pedreira de Bergondiño, Francisco Fandiño, Manuel Suárez O Espartero, no centro coa guitarra Toñito de Alexandre de Meirás. (Foto cedida pola familia de Manuel Suárez Galán).





Os Lelos 1940. Detrás: Ché de Fiobre; Serafín co trombón de varas; Ché, cuñado do Lelo, trompeta; Juan Pérez, saxo. Diante: Descoñecido; Chucho O Lelo, batería; e Manuel Pérez O Lelo co clarinete. (Foto cedida por Jimena Pérez).

Os Lelos no ano 1942. Manuel Pérez O Lelo, clarinete; O Fiandeiro de Miodelo, trompeta; descoñecido, descoñecido; Manuel Pérez (Lito), Antonio de Ouces, caixa; Canabal de Lorbé, helicón. (Foto cedida por Jimena Pérez).



Ché, trompeta; Tono, bombardino; Chucho, batería; e un cuñado coñecido tamén como Ché do Lelo, tocaba a trompeta e o cornetín. Desta familia saíu tamén Lito, o que foi integrante dos *Españoles*, que deu os seus primeiros pasos coa orquestra familiar ós oito anos tocando as maracas ata que aprendeu a tocar o saxo.



«Orquesta Estrella.»

Estrella

Orquesta de principios dos anos corenta, que aínda que tiña a súa residencia en Betanzos, todos os seus integrantes eran de fóra.

Esta formación de 1943 estaba integrada por: José Lata, de Cesuras, saxofón; José Germade, de Obre, clarinete; Andrés Cabana, de Campolongo, clarinete; Francisco Abrodos, de Vilouzás, batería; José Antonio, de Quintas, helicón; Manuel López, de Ambroa, trombón; David, da Viña, trompeta. (Fotografía achegada por Manuel López). Tamén tocaron con esta orquesta Marcelino Calviño Barros que tocaba o baixo e Jesús Calviño, que tocaba saxo alto e clarinete, e tamén Juan Medín Barral.

Guiliades

Ata o momento coñecíanse varias fotos desta orquesta, pero ningunha cos seus fundadores, que son coñecidos como «Os Guiliades Vellos». Non dispoñiamos de ningunha foto da orquesta actuando coa súa estrela e raíña das festas das Mariñas durante varios anos, Finita Gay.



*Orquestra Guiliade nos anos trinta, recordados como Os Guiliades Vello. O primeiro pola esquerda co clarinete, Francisco Gómez; o seguinte, tamén co clarinete, Mantiñán de Guiliade; Casimiro Gómez, saxofón; Romero, bombardino; Emilio Gómez, tuba. En pouco tempo Francisco e Emilio Gómez emigrarían, un para Madrid e outro para Nova York.
(Foto cedida por Toñita Gómez).*

Aquí temos a Orquestra Guiliade nos anos corenta, coa súa estrela Finita Gay, en pose artística para o fotógrafo. A formación estaba composta por: Barral, trombón; Pedrito, baixo; Moris, de Cecebre, trompeta; Brandariz, batería; co acordeón, que case non se ve, Juan Mallo; Finita Gay; Casimiro, saxo; o que está detrás non sabemos quen é; Corral, do Burgo, á dereita co saxo tenor. (Foto cedida por J. Couceiro).

